

OCUPACIÓN HOTELEIRA en GALICIA

Destinos urbanos – Ano 2018

galicia




DEMANDA HOTELEIRA

DEMANDA HOTELEIRA E OCUPACIÓN. Destinos urbanos – Ano 2018

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
VIAXEIROS ALOXADOS	449.160	54.682	726.180	152.516	126.607	123.322	415.652
Var. Int. Viaxeiros	-7,5%	-2,7%	-13,8%	1,8%	0,3%	5,9%	-1,3%
NOITES	955.018	112.786	1.338.725	285.069	211.988	228.835	821.858
Var. Int. Noites	0,9%	4,8%	-7,3%	0,1%	2,4%	-0,1%	0,2%
ESTADÍA MEDIA	2,13	2,06	1,84	1,87	1,67	1,86	1,98
Var. Int. Estadía Media	9,1%	7,7%	7,6%	-1,7%	2,1%	-5,7%	1,5%
% OCUPACIÓN	51,07%	37,78%	49,84%	49,01%	45,67%	50,53%	48,94%
Var. Int. Ocupación	1,86	3,51	-3,01	0,75	0,23	2,24	1,49

Viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros – Ano 2018




Santiago de Compostela é unha vez máis o principal destino urbano de Galicia. En termos de viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros lidera o ranking a nivel da comunidade autónoma con máis de 726 mil neste ano 2018.

A Coruña e Vigo sitúanse nun segundo grupo, con pouco máis de 449 mil a primeira e preto de 416 mil a segunda, mentres que as restantes cidades colócanse nun terceiro grupo e a distancia das anteriores.

Lugo, Ourense e Pontevedra rexistran niveis por encima dos 100 mil viaxeiros quedando Ferrol como o destino urbano de menor volume e peso, con preto de 55 mil viaxeiros neste ano.

A cifra total de viaxeiros aloxados nas sete cidades de Galicia supón o 49% do total dos viaxeiros da comunidade neste ano 2018.

Noites nos establecementos hoteleiros – Ano 2018




En termos de pernoctacións hoteleiras acontece algo similar se ben as diferenzas estréitanse entre os principais destinos urbanos. Santiago lidera o ranking con preto de 1,24 millóns de noites, por diante das restantes cidades entre as que destacan, nun segundo grupo, A Coruña – con 955 mil noites- e Vigo –con 822 mil neste caso-.

A distancia destas tres cidades sitúanse as catro restantes con preto de 300 mil noites en Lugo, máis de 200 mil en Ourense e Pontevedra e pouco máis de 100 mil en Ferrol.


En global, o turismo urbano –medido polo número de noites rexistradas nas cidades de Galicia- supón o 47% do total da demanda hoteleira da comunidade neste ano 2018.

Variación da demanda nos establecementos hoteleiros. 2018/17



En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar da demanda nos destinos urbanos de Galicia neste ano 2018. En particular, sobe e mellora en tres cidades –un 0,9% en A Coruña, un 4,8% en Ferrol e un 2,4% en Ourense como consecuencia basicamente dunha mellora da estadia media nun contexto no que a cifra de viaxeiros cae ou se estabiliza-, mantense estable en Lugo, Pontevedra e Vigo e descende unicamente en Compostela –xustamente no destino de maior peso na comunidade como consecuencia dunha caída da cifra de viaxeiros aloxados do 13,8%-.


Distribución da demanda hoteleira por temporadas. Ano 2018



A distribución da demanda hoteleira ao longo do ano nos destinos urbanos de Galicia presenta un perfil diferente ao observado noutros destinos de Galicia e mesmo no conxunto da comunidade. En xeral, entorno a cuarta parte do número de noites concéntrase no verán – meses de xullo e agosto- marcando un pouco a excepción Ferrol –onde o peso sobe ao 29%- e Lugo e Ourense –destinos nos que a temporada alta absorbe a tan só o 20% do total-. A media do conxunto de Galicia sitúase no 31% neste ano 2018.

O reparto da porcentaxe restante no resto do ano, distinguindo entre a temporada media e baixa, é relativamente equitativo con pequenas diferenzas. En xeral é maior o volume de demanda na temporada baixa –así acontece en A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo- mais en dous destinos acontece o contrario –Santiago e Pontevedra, cidades nas que o volume de noites na temporada media supera o 40% do total anual-.


Variación da demanda hoteleira por temporadas. 2018/17



En termos dinámicos, tendo en conta a variación da demanda en cada cidade segundo a temporada, obsérvase que:

- En todas elas descende o volume de noites hoteleiras na temporada alta, sendo a caída máis notable en Ferrol, Santiago e Lugo –de máis do 10% interanual.
- En paralelo, a demanda sobe e mellora en todas as cidades na temporada baixa, con intensidade variable –máis elevada en Ferrol e Lugo e menos notoria en Santiago–.
- A diferenza radica na evolución da demanda na temporada media, que se incrementa en A Coruña, Ferrol, Ourense e Vigo, e descende, en cambio, en Santiago Lugo e Pontevedra
- En consecuencia, ningún destino urbano consegue manter certa homoxeneidade no comportamento da demanda ao longo do ano

Peso do mercado nacional e internacional, en noites. Ano 2018




En todas as cidades de Galicia predomina claramente o turismo nacional fronte ao internacional, en porcentaxes variables.

Santiago de Compostela é, en todo caso, o destino urbano que marca a diferenza e onde o mercado estranxeiro acada un maior peso representando neste ano 2018 o 44% do total da demanda.

En Vigo e Pontevedra o mercado internacional acada tamén un peso importante, do contorno do 30%.

Lugo, en cambio, presenta un perfil diferente cun peso moi claro do mercado nacional –supón case o 90% do total da demanda- e, en consecuencia, un peso menor do turismo internacional -representa tan só o 11% do total das pernoctacións hoteleiras-.


Variación da demanda nacional e internacional. Ano 2018



En relación co comportamento dos dous mercados turísticos nas cidades de Galicia obsérvase que:

- O turismo nacional sobe e mellora en Ferrol, Santiago e Ourense, e descende en cambio en A Coruña, Lugo, Pontevedra e Vigo
- O mercado internacional, en cambio, presenta un comportamento máis homoxéneo e positivo, con subas xeneralizadas -de notable intensidade ademais en Lugo e Pontevedra, con incrementos por encima do 15% interanual-, mais coa excepción de Santiago –única cidade onde descende o turismo estranxeiro neste ano, un 16,4% en particular-.
- Ferrol e Ourense son os únicos destinos onde ambos mercados presentan un comportamento positivo. Nas restantes cidades a dinámica do turismo nacional e internacional é dispar, con sentido contraposto.


Estadía media nos establecementos hoteleiros. Ano 2018



A estadía media nos establecementos hoteleiros varía levemente dunha cidade a outra. Rexístrase o valor máis elevado en A Coruña cun promedio de 2,13 noites neste ano 2018. En Ferrol a cifra sitúase tamén por encima das dúas noites -2,06 en particular- quedando as restantes cidades por debaixo dese nivel.


As diferenzas neste segundo grupo non son moi elevadas, ficando Vigo con dúas noites de media, Santiago, Lugo e Pontevedra con valores entre 1,8 e 1,9 noites, e Ourense coa cifra máis baixa dos destinos urbanos -con algo menos de 1,7 noites neste caso-.

Variación da estadía media nos establecementos hoteleiros. 2018/17



En termos dinámicos a estadía media increméntase en cinco dos sete destinos urbanos de Galicia, con subas notables en A Coruña, Ferrol e Santiago –do 9,1% na primeira e de case o 8% nas outras dúas- e algo máis suaves en Ourense –do 2,1%- e Vigo –do 1,5% neste caso-. No lado contrario son dous os destinos que presentan unha caída da estadía media: Lugo –cun descenso suave do 1,7% e Pontevedra – destino onde cae un 5,7%.

Estadía media de ESPAÑOIS e ESTRANXEIROS. Ano 2018




A estadía media do viaxeiro español e estranxeiro varía levemente dunha cidade a outra neste ano 2018. O valor máis elevado corresponde ao mercado estranxeiro na cidade de Ferrol, que rexistra unha media levemente por encima de 2,7 noites.

Fica por encima das dúas noites o viaxeiro español e estranxeiro que pasa a noite en A Coruña, quedando os restantes segmentos con valores iguais ou inferiores ás dúas noites nas outras cidades.

O valor máis baixo queda da man do viaxeiro estranxeiro de Lugo e de Pontevedra, que fica unha media próxima a 1,6 noites neste ano 2018. En A Coruña, Ferrol e Ourense a estadía media do viaxeiro estranxeiro sitúase por riba da do español. Acontece o contrario en Santiago, Lugo e Pontevedra, mentres que en Vigo os niveis fican parellos en practicamente dúas noites para ambos segmentos de mercado.

% Ocupación por prazas e variación interanual. Ano 2018




En termos de ocupación A Coruña é o destino que mellores cifras presenta neste ano, cun promedio do 51,1% -porcentaxe que mellora en case dous puntos o dato do pasado ano-.

O nivel de ocupación sobe e mellora tamén nas restantes cidades agás en Ourense –que se mantén relativamente estable en comparación co 2017- e en Santiago –destino onde descende en tres puntos porcentuais-. A mellora máis acentuada e notable rexístrase en Ferrol, con 3,5 puntos de diferenza respecto do pasado ano.

En xeral, os niveis de ocupación hoteleira aseméllanse bastante entre as diferentes cidades, ficando no intervalo do 45-50% de media.

Marcan a excepción A Coruña –coa cifra máis elevada, do 51,1%- e Ferrol –destino que presenta a porcentaxe máis baixa cun 37,8% de media neste 2018.

Variación da demanda –noites- e oferta –prazas-. 2018/17




A mellora dos niveis de ocupación en A Coruña e Ferrol prodúcese como consecuencia do crecemento da demanda nun contexto no que diminúe a oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas cae en relación ao 2017-. En Lugo, Pontevedra e Vigo a mellora provén, en cambio, do lado da oferta, isto é, vén provocada por unha caída da oferta dispoñible nun contexto no que a demanda se mantén estable. Isto leva tamén a un incremento dos niveis de ocupación.

En Ourense a variación de ambas variables é relativamente parella co que o nivel de ocupación se mantén relativamente estable.

Finalmente en Santiago, única cidade na que descende a porcentaxe de ocupación, acontece que diminúe a demanda un 7,3% nun contexto no que a oferta cae un 1,8%. O descenso de maior intensidade do volume de noites explica neste caso a caída da ocupación de tres puntos.

Análise en destinos urbanos A CORUÑA

Evolución da demanda hoteleira na cidade de A Coruña. Período 2011-18




O leve incremento da demanda hoteleira na cidade de A Coruña neste ano 2018 da continuidade á tendencia positiva que se vén observando desde o 2011. Son, en definitiva, sete anos consecutivos de crecemento do número de noites hoteleiras na cidade herculina, a taxas variables e crecentes ata 2015 e decrecentes ata agora en 2018. Esta dinámica leva a que xustamente neste ano se rexistre un máximo histórico de demanda con 955 mil noites.

Son algo máis de 8.500 noites en comparación co 2017 e preto de 245 mil de diferenza respecto da cifra de 2011. O comportamento nesta década é, por tanto, moi positivo.


En termos de viaxeiros aloxados a tendencia é diferente, cun comportamento máis irregular nestes últimos anos.

Noites hoteleiras na cidade de A Coruña. Ano 2018, por meses



A cuarta parte da demanda hoteleira da cidade de A Coruña –un 25,6% en concreto- concéntrase no período estival, isto é, nos meses de xullo e agosto sendo este último o mes de maior afluencia turística con preto de 131 mil noites. O 34,8% visita A Coruña na temporada media –meses de maio, xuño, setembro e outubro- mentres que o 39,6% concéntrase na temporada baixa –de novembro a abril-. Esta distribución temporal, que presenta un comportamento relativamente estacional, dista moito do observado no conxunto de Galicia onde o peso da temporada alta chega ao 31% e o da temporada media ao 38% do total anual. Na temporada baixa concéntrase tamén o 31%. En A Coruña a distribución temporal presenta menos diferenza entre as temporadas alta e baixa, cun reparto máis equilibrado ao longo do ano.

Variación das noites hoteleiras en A Coruña. 2018/17 por meses




O comportamento da demanda hoteleira ao longo do ano 2018 presenta variacións dispares no sentido e na intensidade. En termos globais o volume de noites hoteleiras sobe e mellora en xaneiro, febreiro, maio e logo no último trimestre do ano –en boa parte da temporada baixa, por tanto-. Os incrementos son notables xustamente en novembro e decembro, con taxas por encima do 20% interanual.


A demanda descende, en cambio, nos restantes meses do ano, principalmente en abril –por mor do efecto negativo do calendario coa celebración da Semana Santa- e en agosto –un 7,0% neste caso-.

En termos xerais apréciase un comportamento negativo nos períodos de maior afluencia na cidade –de xuño a setembro- así como na Semana Santa –en marzo xustamente rexístrase un descenso do 4,3% a pesar de celebrarse esta festividade-.

Variación noites hoteleiras, por temporadas



Evolución demanda por temporadas. 2012-18




En termos globais obsérvase neste ano 2018 unha caída da demanda hoteleira na temporada alta –do 5,3% en comparación co anterior 2017- e un incremento paralelo nas temporadas media –do 2,7%- e baixa –do 3,8% neste caso-. Esta dinámica leva necesariamente a unha redución do carácter estacional do turismo en A Coruña –xa de por si non moi elevado- cun descenso de case dous puntos do peso da temporada alta e un incremento paralelo e equilibrado do peso das temporadas media e baixa.


En termos dinámicos obsérvase que o comportamento positivo da demanda nas temporadas media e baixa é unha tendencia que se mantén desde inicios da década, con incrementos continuados que levan a máximos históricos agora en 2018 con algo máis de 332 mil e preto de 378 mil noites, respectivamente.

A dinámica da demanda na temporada alta é máis irregular neste período de sete anos.

Reparto da demanda hoteleira por mercados



Variación mercados turísticos. 2018/17




Preto do 80% da demanda hoteleira na cidade de A Coruña é de orixe estatal, cifra que inclúe ao turismo interno –dos residentes en Galicia, que supoñen o 23% do total- e ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas e que representan neste caso o 56%- . É este último, por tanto, o segmento de maior peso e importancia na cidade.

O 21% das noites hoteleiras corresponden ao mercado internacional.

En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Dunha banda sobe e mellora o turismo interno –un 11,4% grazas principalmente ao incremento da estadía media- e o internacional –un 10,0% neste caso como consecuencia tamén dunha notable mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros estranxeiros cae un 4,0%-.


O turismo receptor nacional presenta, en cambio, un comportamento negativo cun descenso do 5,6% en relación ao pasado ano 2017.

Evolución da demanda nacional e estranxeira en A Coruña. Período 2011-18



En termos globais o turismo de ámbito estatal descende un 1,2% neste ano 2018. Esta caída rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos nos seis anos anteriores, de 2012 a 2017, a taxas variables que acadan a maior intensidade en 2016 cunha suba do 8,6%. Esta dinámica coloca o nivel de 2018 en máis de 757 mil noites, a segunda cifra máis elevada da serie histórica –só por debaixo do dato de 2017-. O mercado internacional presenta neste caso unha dinámica positiva nos seis últimos anos –coa excepción do estancamento rexistrado en 2016-, con subas de diversa intensidade que colocan o dato de 2018 en máximos históricos con preto de 198 mil noites nos establecementos hoteleiros da cidade de A Coruña.

Estadía media nos establecementos hoteleiros. A Coruña, 2011-18




A estadía media nos hoteis e pensións da cidade de A Coruña sitúase en 2,13 noites neste 2018, cifra que supera nun 9,1% o dato do pasado ano.


A evolución nos últimos anos presenta un comportamento algo irregular, con períodos de crecemento –en 2012, 2014, 2017 e agora en 2018- e de caídas –en 2013, 2015 e 2016- que levaron dun máximo de 2,24 noites en 2014 a un mínimo de 1,92 noites en 2016.

O incremento deste ano permite situar a estadía media por encima de 2,1 noites por vez primeira nos últimos catro anos.

Estadía media dos principais mercados



Estadía media por temporada




Segundo a procedencia o viaxeiro estranxeiro é o que fica de media máis tempo na cidade -en 2018 a estadía media do viaxeiro estranxeiro sitúase en 2,25 noites-. Sitúase tamén por encima das dúas noites a estadía media do viaxeiro español procedente de fóra de Galicia -con case 2,2 noites- quedando o viaxeiro residente coa cifra máis baixa -con 1,9 noites neste caso-.

A estadía media dos tres grandes mercados mellora neste 2018 en porcentaxes que acadan o 15% no caso do turismo internacional.

A duración da viaxe é maior no verán fronte aos restantes meses do ano. A estadía media na temporada alta sitúase por encima de 2,5 noites, cifra que baixa ao contorno das dúas noites tanto na temporada media -1,97 en particular- como na baixa -con 2,05 neste caso-.

Apréciase, por tanto, un perfil diferente no período estival fronte ao resto do ano.

% Ocupación nos establecementos hoteleiros. A Coruña, 2011-18




A dinámica dos niveis de ocupación vai parella en grande medida ao comportamento da demanda nestes últimos anos. Logo das caídas rexistradas no período 2008-12 –consecuencia principalmente dos efectos negativos da crise– o nivel de ocupación hoteleira en A Coruña comeza en 2013 unha senda de recuperación e crecemento, de forma continua e intensidade variable, que leva a acadar agora en 2018 un máximo histórico co 51,1% de media. Supera en case trece puntos a porcentaxe rexistrada en 2012, último ano de caída. Por vez primeira na serie histórica supérase o 50% de ocupación media nos establecementos hoteleiros da cidade herculina.

Análise en destinos urbanos

FERROL


Evolución da demanda hoteleira na cidade de Ferrol. Período 2015-18



O incremento da demanda hoteleira na cidade de Ferrol neste ano 2018 –do 4,8%- permite recuperar parte dos niveis perdidos nos dous anos anteriores, en 2016 e 2017, período no que o volume de noites descendeu un 4,2% e 5,8%, respectivamente. Con isto o volume final sitúase preto das 113 mil noites, cifra que obviamente supera o nivel de 2017 pero queda aínda por debaixo dos valores de anos anteriores.

Esta mellora vén como consecuencia dun incremento da estadia media nun contexto no que a cifra de viaxeiros aloxados descende un 2,7%. Ferrol é a cidade que menor volume e peso ten no conxunto dos destinos urbanos de Galicia.


Noites hoteleiras na cidade de Ferrol. Ano 2018, por meses



O comportamento da demanda hoteleira ao longo do ano amosa un perfil relativamente estacional, cos niveis máis baixos nos meses de temporada baixa –en xaneiro, febreiro e decembro- e máis elevados en agosto –mes que concentra o 16% do total anual-. Aínda así, en comparación con outros destinos de Galicia o reparto é máis equilibrado ao longo do ano, o perfil non é tan marcadamente estacional –sendo o máis estacional das cidades galegas-.

En termos globais o 29% das noites hoteleiras concéntranse no verán –meses de xullo e agosto-, quedando o 71% restante repartido entre a temporada media –o 35%- e a baixa –o 36% restante-. Este último período abrangue de novembro a abril co que inclúe a Semana Santa, evento importante na cidade que atrae un volume notable de visitantes, superior incluso a meses como maio.


Variación das noites hoteleiras en Ferrol. 2018/17 por meses




O comportamento da demanda hoteleira ao longo do ano 2018 presenta variacións dispares no sentido e na intensidade. En termos globais o volume de noites hoteleiras sobe e mellora nos meses de temporada baixa –agás en abril, por mor do efecto negativo do calendario coa celebración da Semana Santa- e da temporada media. Os incrementos máis notables en termos relativos localízanse a principios de ano, con subas que superan o 40% interanual.

En xullo e agosto, en cambio, obsérvase un descenso do volume de noites hoteleiras, do 15% e 11% respectivamente, que contrasta coa dinámica anterior. Isto conleva, por tanto, unha redución do carácter estacional do turismo en Ferrol.

Variación noites hoteleiras, por temporadas



Evolución demanda por temporadas. 2015-18




En síntese, por tanto, tal como se deriva da análise anterior, rexístrase neste 2018 un descenso da demanda hoteleira na temporada alta –do 13,1%- e un incremento paralelo nas temporadas media –do 13,0%- e baixa –do 15,9% neste caso-.


Este comportamento leva a unha distribución temporal semellante á observada en 2015, cun maior volume e peso na temporada baixa –con preto de 41 mil noites-, cun peso importante da temporada media –con máis de 39 mil noites- e algo máis reducido na temporada alta –con preto de 33 mil noites neste caso-.

Con todo, as diferenzas entre as distintas temporadas non son moi elevadas, cando menos non tanto coma noutros destinos da comunidade. Esta dinámica leva a unha redución da estacionalidade en comparación coa distribución observada en 2017.

Reparto da demanda hoteleira por mercados




Variación mercados turísticos. 2018/17



O 76% da demanda hoteleira na cidade de Ferrol é de orixe estatal, cifra que inclúe ao turismo interno –dos residentes en Galicia- e ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas-. Neste caso non se dispón de desagregación de datos para o mercado interno. O 24% das noites hoteleiras corresponden ao mercado internacional.

En termos dinámicos obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. En 2018 rexístrase un incremento tanto do turismo nacional –do 5,2%- coma do internacional –do 3,5%-, consecuencia en ambos casos dunha mellora da estadia media nun contexto no que a cifra de viaxeiros aloxados descende –un 1,7% no caso dos españois e un 6,7% no caso dos estranxeiros-.


Evolución da demanda nacional e estranxeira en Ferrol. Período 2015-18



O bo comportamento dos dous grandes segmentos de mercado neste 2018 permite recuperar certo nivel de demanda perdido nos anos anteriores. Se ben as diferenzas non son moi elevadas, coa suba deste ano o mercado nacional rexistra máis de 86 mil noites –máis de 4 mil por encima do valor de 2017-, cifra que en todo caso queda por debaixo dos niveis rexistrados en 2015 e 2016.

Similar circunstancia acontece do lado do turismo internacional, segmento que recupera neste 2018 preto de mil noites en comparación co pasado ano e que se sitúa -con preto de 27 mil pernoctacións-, por encima dos niveis de 2016 e 2017.


Estadía media nos establecementos hoteleiros. Ferrol, 2015-18




A estadía media nos hoteis e pensións da cidade de Ferrol sitúase en 2,06 noites neste 2018, cifra que supera nun 7,7% o dato do pasado ano.

Sobe a estadía media logo de rexistrar caídas nos dous últimos anos, circunstancia que permite colocarse de novo por encima das dúas noites de media –o descenso do pasado ano situaba o nivel en 1,9 noites-. Aínda así a cifra de 2018 fica por debaixo dos valores rexistrados en 2015 e 2016 –cando se situaba por encima de 2,1 noites-.

Estadía media dos principais mercados



Estadía media por temporada




A estadía media varía de forma sensible entre os dous grandes mercados. O viaxeiro español fica de media 1,9 noites mentres que o viaxeiro estranxeiro rexistra 2,7 noites, cifra importante que fala de dous perfís moi diferentes. Ambas obviamente están referidas ás estadias nos establecementos hoteleiros.

En termos dinámicos obsérvase un incremento da estadía media tanto do viaxeiro español –do 7,1%- coma do estranxeiro –do 10,9% neste caso-.

En función da temporada a estadía media apenas presenta diferenzas importantes. Nos tres períodos sitúase por encima das dúas noites de media, acadando o valor máis alto na temporada media –con 2,1 noites en particular-.

% Ocupación nos establecementos hoteleiros. Ferrol, 2015-18




O incremento dos niveis de demanda na cidade de Ferrol prodúcese nun contexto de descenso da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas por termo medio diminuíu un 3,9% en comparación co 2017-. Ambos factores contribúen á mellora dos niveis de ocupación que neste ano cífrase en 3,5 puntos porcentuais para situalo no 37,8% de media.

Esta notable mellora contrasta coa estabilidade observada nos últimos anos, cando a cifra de ocupación se situaba no contorno do 34% entre 2015 e 2017.

Análise en destinos urbanos

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Evolución da demanda hoteleira na cidade de Compostela. Período 2011-18




Cae a demanda hoteleira na cidade de Santiago neste 2018 –un 7,3% como consecuencia principalmente dun descenso da cifra de viaxeiros estranxeiros-, circunstancia que rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos nos cinco anos anteriores, de 2013 a 2017, a taxas variables –crecentes ata 2015 e decrecentes en 2016 e 2017- e que levaron a acadar máis de 1,44 millóns de noites no pasado ano –dato que supuxo un máximo histórico en Compostela-.

O descenso deste 2018 sitúa o nivel final en preto de 1,34 millóns de noites, a cifra máis baixa dos últimos tres anos.

En termos absolutos esta caída supón a perda de preto de 105 mil noites nos establecementos hoteleiros da cidade, en comparación co ano 2017. Tomando como referencia o 2012 o nivel demanda supérase nun 26% con 274 mil novas pernoctacións na cidade.


Noites hoteleiras na cidade de Compostela. Ano 2018, por meses



A cuarta parte da demanda hoteleira da cidade de Santiago –un 24,6% en concreto– concéntrase no período estival, isto é, nos meses de xullo e agosto sendo este último o mes de maior afluencia turística con máis de 194 mil noites –o 14,5% do total anual-. O 42,6% visita Santiago na temporada media –meses de maio, xuño, setembro e outubro- mentres que o 32,9% concéntrase na temporada baixa –de novembro a abril-. Esta distribución temporal, que presenta un comportamento relativamente estacional, dista do observado no conxunto de Galicia onde o peso da temporada alta chega ao 31% e o da temporada media ao 38% do total anual.

En Santiago a distribución temporal presenta menos diferenza entre as temporadas alta e baixa, cun reparto máis equilibrado ao longo do ano e sobre todo cun notable peso da temporada media –os niveis de maio e xuño superan, por exemplo, aos de xullo-.

Variación das noites hoteleiras en Compostela. 2018/17 por meses




O comportamento da demanda hoteleira ao longo do ano 2018 presenta variacións dispares no sentido e na intensidade. En termos globais o volume de noites hoteleiras sobe e mellora no primeiro trimestre do ano e logo en decembro –na temporada baixa, por tanto–.


A demanda descende, en cambio, nos restantes meses do ano, de abril a novembro de forma continuada, con caídas de diversa intensidade que superan o 15% interanual en xullo e outubro –meses de peor comportamento do número de noites–.

En termos absolutos a caída máis notable concéntrase tamén nestes meses con perdas que superan as 26 mil noites en xullo e outubro, en comparación co pasado ano 2017.

Variación noites hoteleiras, por temporadas



Evolución demanda por temporadas. 2012-18




En síntese, por tanto, o mal comportamento da demanda hoteleira neste ano 2018 vén como consecuencia das caídas rexistradas na temporada alta –período no que o volume de noites descende un 10,3%- e media –cunha caída global do 11,4%-. Contraponse a isto o crecemento que se rexistra na temporada baixa, suave pero importante polo que supón de contraste coa dinámica anterior –do 1,4% neste caso-.


É o segundo ano consecutivo no que cae a demanda na temporada alta acadando neste ano preto de 329 mil noites, a cifra máis baixa desde o 2014. Na temporada media o nivel fica en 570 mil noites coa caída puntual que rompe neste caso cunha tendencia positiva de crecemento desde o 2012.

En temporada baixa son xa catro anos consecutivos de crecemento da demanda colocando o dato deste 2018 no máis elevado da década.

Reparto da demanda hoteleira por mercados



Variación mercados turísticos. 2018/17




O 56% da demanda hoteleira na cidade de Santiago é de orixe estatal, cifra que inclúe ao turismo interno –dos residentes en Galicia, que supoñen o 11% do total- e ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas e que representan neste caso o 45%- . O 44% das noites hoteleiras corresponden ao mercado internacional.

Neste sentido Santiago presenta un perfil da demanda diferente aos restantes destinos urbanos de Galicia, cun peso moi baixo do mercado interno e, en paralelo, un peso notable do turismo internacional –que practicamente iguala ao receptor nacional-.

En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Dunha banda sobe e mellora o turismo interno –un 21,6%- e, doutra banda, descende o turismo receptor –un 2,5% aquel de ámbito nacional e un 16,4% o internacional-, como consecuencia principalmente dunha caída da cifra de viaxeiros aloxados en relación ao 2017.


Evolución da demanda nacional e estranxeira en Compostela. Período 2011-18



En termos globais o turismo de ámbito estatal increméntase nun 1,6% neste ano 2018 como consecuencia do bo comportamento do mercado interno. É o sexto ano consecutivo no que acontece tal circunstancia en Compostela, isto é, desde 2012 o turismo nacional increméntase de forma continuada ata acadar, agora en 2018, preto de 746 mil noites –a cifra máis elevada dos últimos sete anos-. Esta tendencia non conseguiu recuperar totalmente o volume perdido nos anos centrais da crise.

O mercado internacional presenta neste caso un descenso que rompe cunha tendencia de incrementos consecutivos tamén desde o 2012, a taxas variables que superaron o 20% interanual en 2015, e que permitiron acadar un máximo histórico de demanda en 2017 con pouco máis de 709 mil noites. A caída deste 2018 supón a perda de 116 mil noites e situar o nivel no máis baixo dos últimos catro anos.


Estadía media nos establecementos hoteleiros. Compostela, 2011-18




A estadía media nos hoteis e pensións da cidade de Santiago sitúase en 1,84 noites neste 2018, cifra que supera nun 7,6% o dato do pasado ano.

É o segundo ano consecutivo no que mellora a estadía media hoteleira en Compostela. Acontece tal circunstancia logo de rexistrar caídas consecutivas nos cinco anos anteriores, de 2012 a 2016, que levaron a marcar un mínimo histórico con menos de 1,7 noites de media. A cifra de 2018, a pesar de mellorar o dato de anos anteriores, continúa por debaixo das dúas noites de media –por sétimo ano consecutivo–.

Estadía media dos principais mercados



Estadía media por temporada




Segundo a procedencia o viaxeiro residente en Galicia é o que fica de media máis tempo na cidade -en 2018 a estadía sitúase en 2,1 noites-. Os dous segmentos restantes rexistran valores por debaixo das dúas noites, con preto de 1,9 noites o viaxeiro español de fóra de Galicia e con 1,75 noites o estranxeiro.

A estadía media dos tres grandes mercados mellora neste 2018 en porcentaxes que acadan o 22% no caso do turismo interno.

En función da temporada a estadía media varía levemente, situándose en 1,84 noites na temporada alta, en 1,76 noites na temporada media e en case dúas noites na temporada baixa -período que rexistra o valor máis alto do ano-.

As diferenzas non son, en todo caso, moi notables como acontece noutros destinos da comunidade.

% Ocupación nos establecementos hoteleiros. Compostela, 2011-18




A dinámica dos niveis de ocupación vai parella en grande medida ao comportamento da demanda nestes últimos anos. Logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012 –consecuencia principalmente do efecto pos-xacobeo nun contexto de crise- o nivel de ocupación hoteleira en Santiago comeza en 2013 unha senda de recuperación e crecemento, de forma continua e intensidade variable, ata o 2017 e que levou a rexistrar nese ano un 52,8% de ocupación media no sector.

O descenso deste 2018, de tres puntos porcentuais, sitúa a porcentaxe no 49,8% -a segunda cifra máis elevada da década, por detrás xustamente do valor rexistrado en 2017-. Mellora en once puntos a porcentaxe acadada en 2012.

Análise en destinos urbanos

LUGO


Evolución da demanda hoteleira na cidade de Lugo. Período 2012-18



En Lugo estabilízase a demanda neste 2018 logo de presentar incrementos consecutivos nos dous anos anteriores -do 23,0% en 2016 e do 9,7% en 2017-, dinámica que permitiu recuperar e mesmo superar as caídas rexistradas en 2014 e 2015 -suaves e de menor intensidade-. Esta tendencia sitúa o volume de demanda na cidade amurallada levemente por encima das 285 mil noites en 2018 -en sentido estrito é a cifra máis elevada da década-.


En termos absolutos a diferenza é insignificante en comparación co 2017 mais en relación ao 2012, por exemplo, o nivel de demanda sobe en máis de 80 mil noites.

Noites hoteleiras na cidade de Lugo. Ano 2018, por meses



A quinta parte da demanda hoteleira da cidade de Lugo –o 20,1% em concreto- concéntrase no período estival, isto é, nos meses de xullo e agosto sendo este último o mes de maior afluencia turística con 33 mil noites –o 11,6% do total anual-. O 36,1% visita Lugo na temporada media –meses de maio, xuño, setembro e outubro- mentres que o 43,8% concéntrase na temporada baixa –de novembro a abril-. Esta distribución temporal presenta un comportamento diferente ao observado no conxunto de Galicia e mesmo tamén da maioría das cidades da comunidade. Neste caso a distribución non é claramente estacional –a pesar de que se mantén agosto como o mes de maior afluencia-, sendo que, por exemplo, o volume de noites de marzo a xullo mantense relativamente estable no contorno das 24 mil en cada mes. Ademais un 44% do total da demanda visita Lugo en temporada baixa, a cifra máis elevada dos restantes destinos.


Variación das noites hoteleiras en Lugo. 2018/17 por meses




O comportamento da demanda hoteleira ao longo do ano 2018 presenta variacións dispares no sentido e na intensidade. En termos globais o volume de noites hoteleiras sobe e mellora no primeiro trimestre do ano e logo en novembro e decembro –na temporada baixa, por tanto-. A demanda descende, en cambio, nos restantes meses do ano, de abril a novembro de forma continuada, con caídas de diversa intensidade que superan o 10% interanual en abril, xuño e xullo –meses de peor comportamento do número de noites-.

O incremento máis destacado acontece en decembro, cando se superan nun 41% o volume de noites do pasado ano 2017 xerando só nese mes preto de seis mil novas pernoctacións. A caída máis notable, en cambio, concéntrase en xullo con perdas que superan tamén as cinco mil noites en comparación co mesmo mes do pasado ano.

Variación noites hoteleiras, por temporadas




Evolución demanda por temporadas. 2012-18




En síntese, por tanto, o comportamento da demanda hoteleira en Lugo difire segundo a temporada, rexistrando descensos no período estival –do 10,4%- e na temporada media –do 5,4%- en contraposición ao crecemento que se rexistra na temporada baixa –do 11,3% neste caso-. Ambas dinámicas son similares en termos absolutos de aí que no cómputo anual o volume de noites se establece en comparación co 2017. Cae a demanda na temporada alta logo de rexistrar incrementos consecutivos nos catro últimos anos permitindo con isto acadar as 64 mil noites en 2017. Semellante dinámica acontece coa afluencia turística na temporada media, rompendo en 2018 unha evolución positiva desde o 2016.

En temporada baixa son tres anos consecutivos de crecemento da demanda colocando o dato deste 2018 no máis elevado da década con preto de 125 mil noites.

Reparto da demanda hoteleira por mercados



Variación mercados turísticos. 2018/17




O 89% da demanda hoteleira na cidade de Lugo é de orixe estatal, cifra que inclúe ao turismo interno –dos residentes en Galicia, que supoñen o 45% do total- e ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas e que representan neste caso o 44%- . O 11% das noites hoteleiras corresponden ao mercado internacional.

Lugo presenta un perfil da demanda algo diferente aos restantes destinos urbanos de Galicia, cun peso importante do mercado interno e, en paralelo, un peso moi baixo do turismo internacional. É a cidade con menor volume de demanda internacional neste 2018.

En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Dunha banda sobe e mellora o turismo interno –un 8,6% grazas ao crecemento da cifra de viaxeiros residentes- e o internacional –un 16,9% neste caso como consecuencia principalmente dunha mellora da estadia media-. O mercado receptor nacional, en cambio, amosa unha caída do 10,6%.


Evolución da demanda nacional e estranxeira en Lugo. Período 2012-18



En termos globais o turismo de ámbito estatal descende nun 1,7% neste ano 2018 como consecuencia do mal comportamento do mercado receptor nacional. Acontece isto logo de presentar incrementos notables nos dous anos anteriores –do 24% en 2016 e do 14% en 2017- que permitiron superar o nivel das 250 mil noites xustamente no pasado ano. Coa caída deste 2018 a cifra final de demanda sitúase en preto de 254 mil, o segundo dato máis elevado da década.

O mercado internacional presenta neste caso un incremento que contrasta coa caída rexistrada en 2017 e que, ao mesmo tempo, mantén a tendencia irregular deste segmento nos últimos anos –con subas e descensos alternativos que sitúan o volume no contorno das 30 mil noites desde o ano 2013-.

Estadía media nos establecementos hoteleiros. Lugo, 2012-18




A estadía media nos hoteis e pensións da cidade de Lugo sitúase en 1,87 noites neste 2018, cifra que descende nun 1,7% en relación ao pasado ano.


Este leve axuste contrasta cos incrementos que se viñan rexistrando en 2016 –do 6,7%- e 2017 –do 10,0%- e que conseguiron elevar a estadía media global a 1,9 noites –con tres décimas de diferenza en comparación co dato de 2015 cando se situaba en 1,6 noites-. Este factor contribuíu en grande medida á mellora global dos niveis de demanda nese período de dous anos.

En termos globais, por tanto, a estadía media mantense relativamente estable neste ano 2018 con preto de 1,9 noites.

Estadía media dos principais mercados



Estadía media por temporada




Segundo a procedencia o viaxeiro residente en Galicia é o que fica de media máis tempo na cidade -en 2018 a estadía sitúase levemente por encima das dúas noites-. Os dous segmentos restantes rexistran valores por debaixo desta cifra, con preto de 1,8 noites o viaxeiro español de fóra de Galicia e con case 1,6 noites o estranxeiro. As diferenzas de perfil de cada segmento de mercado son notables neste caso.

A estadía media dos tres grandes mercados varía de forma dispar neste 2018, con caída daquela correspondente ao viaxeiro residente, estabilidade do nacional e incremento do internacional.

En función da temporada a estadía media non presenta grandes diferenzas, situándose en 1,8 noites na temporada alta e na temporada media e en case dúas noites na temporada baixa -período que rexistra o valor máis alto do ano-.

As diferenzas non son, en todo caso, moi notables como acontece noutros destinos da comunidade.

% Ocupación nos establecementos hoteleiros. Lugo, 2012-18




A dinámica dos niveis de ocupación aseméllase ao observado do lado da demanda –medida en número de noites-. Neste 2018 sobe levemente –menos dun punto porcentual- e practicamente por sexto ano consecutivo –coa excepción do estancamento rexistrado en 2014-. Esta tendencia positiva amosa períodos de crecemento suave –en 2013, 2015 e agora en 2018- e anos de subas moi destacadas –en 2016 e 2017, con incrementos que se achegaron aos nove e seis puntos porcentuais respectivamente-. O resultado final desta tendencia leva a que neste 2018 a cidade de Lugo rexista o nivel de ocupación máis elevado de, como mínimo, esta década cun 49,0% de media –supera en 20 puntos a porcentaxe rexistrada en 2012-.

Análise en destinos urbanos

OURENSE

Evolución da demanda hoteleira na cidade de Ourense. Período 2012-18




En Ourense o incremento da demanda, provocado esencialmente por unha mellora da estadia media, da certa continuidade á tendencia de crecementos consecutivos que se veñen rexistrando desde o 2013 coa única excepción da caída rexistrada xustamente no pasado ano 2017 – cando o volume de noites descendeu nun 4,8% en termos interanuais-. Con esta dinámica o volume final sitúase en 212 mil noites, a segunda cifra máis elevada da década e próxima ao nivel acadado en 2016 –con algo máis de 217 mil noites-.

En termos absolutos Ourense consegue xerar cinco mil novas pernoctacións en comparación co pasado ano 2017.

Desde unha perspectiva temporal máis ampla Ourense supera en 2018 en 52 mil noites o nivel rexistrado en 2012. Supón isto un crecemento do 33% nestes seis anos.

Noites hoteleiras na cidade de Ourense. Ano 2018, por meses




No curto prazo a distribución da demanda ao longo do ano 2018 segue un patrón semellante ao observado para a cidade de Lugo. Tamén en Ourense o 20% da demanda concéntrase na temporada alta, isto é, nos meses de xullo e agosto sendo este último o mes de maior afluencia turística con preto de 25 mil noites –o 11,7% do total anual. O 37,2% visita Lugo na temporada media –meses de maio, xuño, setembro e outubro– mentres que o 43,0% concéntrase na temporada baixa –de novembro a abril–.

Esta distribución temporal presenta matices diferentes a outros destinos. O volume de noites de marzo a xullo non varía singularmente, situándose entre as 16 mil e as 18 mil noites nestes cinco meses –fenómeno que tamén acontecía en Lugo–, e curiosamente o volume rexistrado en setembro e outubro supera ao dos meses anteriores –con máis de 20 mil noites en cada un deles.

A distribución, por tanto, non presenta un carácter estacional coma noutros destinos da comunidade ou mesmo no conxunto de Galicia.

Variación das noites hoteleiras en Ourense. 2018/17 por meses




O comportamento da demanda hoteleira ao longo do ano 2018 presenta un pauta algo irregular ata o mes de xullo, alternándose meses de crecemento –marzo e maio- con períodos de certa estabilidade –febreiro e xuño- e meses de caídas –xaneiro, abril e xullo-. A dinámica cambia a partir de agosto cando arranca unha tendencia de crecementos interanuais consecutivos ata decembro, de intensidade variable e que supera o 25% en novembro.


Son máis, por tanto, os meses de comportamento positivo –sete en total- fronte a dous de estabilidade e tres de caídas.

En termos absolutos o crecemento máis notable acontece en novembro –cunha mellora de preto de 3.700 noites en relación ao mesmo período do pasado ano-. En abril, en cambio, rexístrase o descenso máis acusado coa perda de máis de catro mil noites.

Variación noites hoteleiras, por temporadas



Evolución demanda por temporadas. 2012-18




En síntese, por tanto, o comportamento da demanda hoteleira en Ourense difire segundo a temporada, rexistrando descensos no período estival –do 4,6%- e incrementos na temporada media –do 5,9%- e na temporada baixa –do 3,0% neste caso-.

Cae a demanda na temporada alta por segundo ano consecutivo, rexistrando neste 2018 o nivel máis baixo dos últimos catro anos e un peso inferior ao 20%.


A dinámica da demanda nas temporadas media e baixa é moi parella nestes últimos anos, con incrementos no trienio 2014-16, caída en 2017 que precede a un novo crecemento agora en 2018. Ourense acada nesta temporada media a cifra máis elevada da década con preto de 79 mil noites.

O maior peso da temporada baixa na cidade de Ourense é unha constante ao longo dos anos, sen variacións moi significativas da porcentaxe.

Reparto da demanda hoteleira por mercados



Variación mercados turísticos. 2018/17




O 84% da demanda hoteleira na cidade de Ourense é de orixe estatal, cifra que inclúe ao turismo interno –dos residentes en Galicia, que supoñen o 31% do total- e ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas e que representan neste caso o 53%- . O 16% das noites hoteleiras corresponden ao mercado internacional.

O perfil da demanda en Ourense aseméllase bastante ao observado noutros destinos de Galicia, cun notable peso do mercado nacional e liderando o sector o turismo que procede do conxunto do Estado –neste caso supón máis da metade das noites hoteleiras-.

En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Dunha banda descende o turismo interno –un 10,3% como consecuencia da caída da cifra de viaxeiros residentes- e, doutra banda, sobe e mellora o turismo receptor –un 9,2% aquel de ámbito nacional e un 9,4% o internacional-. En ambos casos provocado por subas parellas da cifra de viaxeiros aloxados.


Evolución da demanda nacional e estranxeira en Ourense. Período 2012-18



En termos globais o turismo de ámbito estatal increméntase nun 1,2% neste ano 2018 como consecuencia do bo comportamento do mercado receptor nacional fronte ao interno. Esta suba da continuidade a unha tendencia de crecementos case consecutivos desde o 2012 –coa excepción da caída rexistrada en 2017- e sitúa o volume final de demanda en preto de 178 mil noites –a segunda cifra máis elevada da década, situada por debaixo do valor rexistrado en 2016.

No caso do mercado internacional son catro anos de crecemento consecutivo, a intensidade decrecente que pasa do 29% interanual en 2015 ao 9% agora en 2018. Esta tendencia coloca o nivel deste ano en máis de 34 mil noites, a cifra máis elevada da década.

Estadía media nos establecementos hoteleiros. Ourense, 2012-18




A estadía media nos hoteis e pensións da cidade de Ourense sitúase en 1,67 noites neste 2018, cifra que supera nun 2,1% o dato do pasado ano 2017.


Mellora a estadía media por segundo ano consecutivo logo de presentar caídas en 2015 e 2016. As variacións non son en todo caso moi importantes sendo que a estadía media mantense no intervalo 1,6 - 1,8 noites desde o 2012. En 2014 a cifra sitúase próxima a 1,8 noites, a máis elevada da década. O valor de 2018 é neste caso o máis alto dos últimos tres anos.

En termos comparativos Ourense rexistra a estadía media hoteleira máis baixa dos destinos urbanos de Galicia.

Estadía media dos principais mercados



Estadía media por temporada




Segundo a procedencia o viaxeiro residente en Galicia é o que fica de media menos tempo na cidade -en 2018 a estadía sitúase levemente por encima de 1,6 noites-. Os dous segmentos restantes rexistran valores algo máis altos, de case 1,7 noites o español non residente e de 1,8 noites o estranxeiro. As diferenzas non son en todo caso moi significativas. Todas elas sitúanse por debaixo das dúas noites.

A estadía media dos tres grandes mercados varía de forma dispar neste 2018, con certas melloras no caso do residente e do español que vén de fóra de Galicia e descenso da correspondente ao estranxeiro.

En función da temporada a estadía media tampouco presenta grandes diferenzas, situándose en 1,8 noites na temporada alta, en 1,7 noites na temporada media e en 1,6 noites na temporada baixa.

% Ocupación nos establecementos hoteleiros. Ourense, 2012-18




A dinámica dos niveis de ocupación aseméllase en parte ao observado no lado da demanda –en número de noites-. Estabilízase en 2013 con carácter previo ao incremento rexistrado no trienio 2014-16 que permitiu pasar do 35,8% ao 46,6% neste último ano –a cifra máis elevada da década-. Xa en 2017 prodúcese nun leve axuste dun punto porcentual estabilizándose agora en 2018. O resultado é que nestes tres últimos anos a cifra de ocupación non variou de forma significativa manténdose sempre por encima do 45% de media anual.

Esta cifra dista da rexistrada en 2012, por exemplo, cando a ocupación media dos hoteis e pensións de Ourense se situaba no 35,7%. Son, por tanto, dez puntos de mellora neste período que basicamente se produciron entre 2013 e 2016.

Análise en destinos urbanos


PONTEVEDRA

Evolución da demanda hoteleira na cidade de Pontevedra. Período 2015-18



Na cidade de Pontevedra estabilízase o nivel de demanda neste 2018 logo de presentar incrementos importantes nos dous anos anteriores –do 18% en 2016 e do 29% en 2017-, dinámica que colocou o volume final do pasado ano en pouco máis de 229 mil noites –nun sentido estrito a cifra deste ano 2018 sitúase en case 229 mil-. Este estancamento vén como consecuencia da combinación de dous factores: incremento da cifra de viaxeiros estranxeiros –do 5,9%- nun contexto de caída da estadía media –do 5,7% neste caso-. En termos absolutos a variación é practicamente insignificante en relación ao pasado ano. En comparación co 2015 –primeiro ano de referencia nesta serie- o incremento sitúase no 53% con preto de 79 mil “novas” pernoctacións nos establecementos hoteleiros da cidade.

Noites hoteleiras na cidade de Pontevedra. Ano 2018, por meses




O comportamento da demanda hoteleira ao longo do ano amosa un perfil relativamente estacional, cos niveis máis baixos nos meses de temporada baixa –en xaneiro e febreiro- e máis elevados en agosto –mes que concentra o 13% do total anual-. Aínda así, en comparación con outros destinos de Galicia o reparto é máis equilibrado ao longo do ano, o perfil non é tan marcadamente estacional.

En termos globais o 24% das noites hoteleiras concéntranse no verán –meses de xullo e agosto-, quedando o 71% restante repartido entre a temporada media –período de maior peso co 41%- e a baixa –co 35% restante-.

En Pontevedra a temporada media ten un peso importante e mes a mes non dista moito do verán –o nivel de demanda supera as 20 mil noites de maio a outubro-. O maior volume de marzo respecto de abril ten que ver coa celebración da Semana Santa.


Variación das noites hoteleiras en Pontevedra. 2018/17 por meses




O comportamento da demanda hoteleira ao longo do ano 2018 presenta variacións dispares no sentido e na intensidade., sen unha pauta concreta. En termos globais o volume de noites hoteleiras sobe e mellora en meses puntuais –xaneiro, marzo, maio e novembro-, mantense estable en outubro e decembro, e descende en febreiro, abril, e de xuño a setembro-.

A celebración da Semana Santa tivo un efecto moi positivo na cidade pois explica en boa medida o forte incremento da demanda no mes de marzo, do 57% en comparación co 2017. Esta suba, a maior de todo o ano e que supuxo a xeración de máis de 6.500 novas pernoctacións, compensa en parte as caídas rexistradas logo nos meses centrais do ano –de xullo a setembro o descenso cuantifícase en algo máis de sete mil noites en relación co anterior ano 2017-.

Variación noites hoteleiras, por temporadas



Evolución demanda por temporadas. 2015-18




En síntese, por tanto, tal como se deriva da análise anterior, rexístrase neste 2018 un descenso da demanda hoteleira na temporada alta –do 7,8%- e na temporada media –moi suave, do 1,1% neste caso- en contraposición ao crecemento rexistrado na temporada baixa –do 7,2% neste caso-.


Este comportamento leva a unha distribución temporal algo diferente do observado en anos anteriores. O peso do verán redúcese a menos da cuarta parte do total do ano mentres que sobe o peso da temporada baixa no conxunto do ano –supón o 35% do total- e acada en 2018 o nivel máis alto dos últimos anos con preto de 81 mil noites.

Con todo, a distribución da demanda nestes últimos anos concentra sempre o maior peso na temporada media –cando menos así acontece desde o 2015-.

Reparto da demanda hoteleira por mercados




Variación mercados turísticos. 2018/17



O 72% da demanda hoteleira na cidade de Pontevedra é de orixe estatal, cifra que inclúe ao turismo interno –dos residentes en Galicia- e ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas-. Neste caso non se dispón de desagregación de datos para o mercado interno. O 28% das noites hoteleiras corresponden ao mercado internacional.

En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. En 2018 rexístrase unha caída do turismo nacional –do 6,1%- consecuencia esencialmente dun empeoramento da estadia media pois a cifra de viaxeiros españois mantense estable. O turismo internacional, en cambio, amosa un comportamento positivo superando nun 22% a cifra de viaxeiros e nun 19% o volume de noites do pasado ano.


Evolución da demanda nacional e estranxeira en Pontevedra. Período 2015-18



O descenso do turismo de ámbito nacional coloca o nivel deste ano 2018 en preto de 165 mil noites, cifra obviamente inferior á de 2017 mais superior á rexistrada nos dous anos anteriores. En 2016 e 2017 o volume de noites dos españois crece de forma importante con taxas que se sitúan no 14% e 31% respectivamente e conseguen elevar a cifra por encima das 170 mil noites –en 2015 era de 117 mil-.

No caso do turismo internacional son tres anos consecutivos de crecemento da demanda na cidade de Pontevedra, a taxas variables mais importantes –do 32% en 2016, do 23% en 2017 e do 19% en 2018- que colocan o volume final en 64 mil noites, a cifra máis elevada dos últimos catro anos e probablemente da década.


Estadía media nos establecementos hoteleiros. Pontevedra, 2015-18




A estadía media nos hoteis e pensións da cidade de Pontevedra sitúase preto de 1,9 noites neste 2018, cifra que descende nun 5,7% en relación ao pasado ano.

Cae a estadía media logo de rexistrar crecementos nos dous últimos anos, circunstancia que deixa de novo a cifra por debaixo de 1,9 noites de media. Nestes catro anos a estadía media non conseguiu superar a barreira das dúas noites nos establecementos hoteleiros da cidade de Pontevedra.

Estadía media dos principais mercados



Estadía media por temporada




A estadía media varía de forma sensible entre os dous grandes mercados. O viaxeiro español fica de media dúas noites mentres que o viaxeiro estranxeiro rexistra pouco máis de 1,5 noites, cifras dispares que falan de dous perfís moi diferentes. Ambas obviamente están referidas ás estadías nos establecementos hoteleiros.

En termos dinámicos obsérvase un descenso das estadías medias tanto do viaxeiro español –do 5,5%– coma do estranxeiro –do 1,9% neste caso–.

En función da temporada a estadía media presenta pequenas diferenzas. Sitúase no contorno de 1,8 noites nas temporadas alta e media, isto é, de maio a outubro e en dúas noites na temporada baixa –de novembro a abril–.

% Ocupación nos establecementos hoteleiros. Pontevedra, 2015-18



En Pontevedra estabilízase a demanda nun contexto de caída da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende nun 5,0% neste ano 2018-. Tal circunstancia conleva unha mellora dos niveis de ocupación, de máis de dous puntos porcentuais en relación ao pasado ano 2017, para situarse no 50,5%.


É o terceiro ano consecutivo no que se rexistra unha mellora dos niveis de ocupación hoteleira en Pontevedra, pasando do 32,7% en 2015 a pouco máis do 50% agora en 2018.

O incremento neste período de catro anos achégase aos 18 puntos porcentuais, cifra moi relevante que aporta un cambio cualitativo importante á cidade de Pontevedra.

Análise en destinos urbanos

VIGO


Evolución da demanda hoteleira na cidade de Vigo. Período 2011-18



En Vigo estabilízase o nivel de demanda hoteleira –se ben en sentido estrito sobe un 0,2%- logo de acumular incrementos consecutivos nos catro anos anteriores, de 2014 a 2017, a taxas relativamente suaves en 2014 e 2015 –do 2-3%- e máis elevadas en 2016 –do 20,5%- e 2017 –do 12,6% neste caso-. Con esta dinámica a cidade olívica da un salto cuantitativo importante pasando de rexistrar cifras do contorno das 600 mil noites na primeira parte da década a situarse por encima das 800 mil en 2017 e 2018. En sentido estrito Vigo acada agora en 2018 un máximo histórico superando por vez primeira a barreira das 820 mil noites.

En termos absolutos son dúas mil noites máis en comparación co 2017.


Noites hoteleiras na cidade de Vigo. Ano 2018, por meses



No curto prazo a distribución da demanda ao longo do ano 2018 segue un patrón semellante ao observado noutros destinos urbanos, cun perfil relativamente estacional. Unha cuarta parte da demanda concéntrase no período estival –meses de xullo e agosto- sendo este último o mes de maior afluencia turística con 110 mil noites. O 37% corresponde á temporada media –meses de maio, xuño, setembro e outubro- mentres que un 39% visita Vigo na temporada baixa, de novembro a abril.

Esta distribución temporal é moi propia dun destino urbano no que no peso da temporada alta sitúase entre o 20% e 25% do total anual e o resto repártese cun peso semellante entre a temporada media e baixa.


Variación das noites hoteleiras en Vigo. 2018/17 por meses




O comportamento da demanda hoteleira ao longo do ano 2018 presenta un pauta irregular, alternándose meses de crecemento –xaneiro, maio, xuño, outubro e decembro- con meses de caídas –febreiro, marzo, abril, xullo, agosto, setembro e novembro-, con variacións de diversa intensidade. Desde o lado positivo o incremento máis destacado concéntrase en dous meses da temporada baixa –en xaneiro e decembro-. Pola contra, a caída de maior intensidade sitúase en febreiro se ben en termos absolutos a maior perda localízase no verán, con preto de 13 mil noites menos en comparación co 2017.

Non se observa en Vigo un impacto positivo da celebración da Semana Santa tal como acontece noutros destinos urbanos e mesmo no conxunto de Galicia –rexístrase en marzo un descenso próximo ao 1% interanual no volume de noites hoteleiras-.

Variación noites hoteleiras, por temporadas



Evolución demanda por temporadas. 2012-18




En síntese, por tanto, o comportamento da demanda hoteleira en Vigo difire segundo a temporada, rexistrando descensos no período estival –do 5,8%- e incrementos na temporada media –do 3,0% grazas ás subas rexistradas en maio e xuño- e na temporada baixa –do 1,9% neste caso-.

Cae a demanda na temporada alta logo de presentar crecementos consecutivos nos cinco anos anteriores, de 2013 a 2017.


A dinámica positiva da demanda nas temporadas media e baixa arranca en 2016 e 2015 respectivamente acadando en ambos casos niveis máximos da década.

O maior peso da temporada baixa na cidade de Vigo é unha constante ao longo dos anos coa excepción puntual do ano 2014.

Reparto da demanda hoteleira por mercados



Variación mercados turísticos. 2018/17




O 69% da demanda hoteleira na cidade de Vigo é de orixe estatal, cifra que inclúe ao turismo interno –dos residentes en Galicia, que supoñen o 20% do total- e ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas e que representan neste caso o 49%- . O 31% das noites hoteleiras corresponden ao mercado internacional.

Con esta distribución Vigo é a segunda cidade con menor peso do mercado interno –representa unha de cada cinco noites hoteleiras- e ao mesmo tempo a segunda con maior peso do turismo internacional –con máis do 30% das noites neste caso-. É, xunto con Santiago, un dos dous destinos onde o mercado estranxeiro supera en volume e peso ao interno.

En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Neste 2018 descende o turismo de ámbito estatal –un 2,0% o interno e un 2,5% o receptor nacional- e sobe, en cambio, o internacional –un 6,6% neste caso-.


Evolución da demanda nacional e estranxeira en Vigo. Período 2011-18



En termos globais o turismo de ámbito estatal descende nun 2,3% neste ano 2018 como consecuencia do mal comportamento dos dous segmentos de mercado, o interno e o receptor. Esta caída rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos nos catro anos anteriores, de 2014 a 2017, situando o nivel deste último ano por encima das 583 mil noites. O descenso deste 2018 sitúa o volume final en preto de 570 mil noites, a segunda cifra máis elevada da serie histórica.

No caso do mercado internacional son tres anos consecutivos –e cuarto nos últimos cinco- de crecemento na cidade de Vigo, a taxas moi importantes en 2016 –do 37%- e do 2017 –do 22% neste caso- que colocan o volume final de 2018 por encima das 252 mil noites –dato que supón un máximo histórico na cidade olívica.


Estadía media nos establecementos hoteleiros. Vigo, 2012-18




A estadía media nos hoteis e pensións da cidade de Vigo sitúase en 1,98 noites neste 2018, cifra que supera nun 1,5% o dato do pasado ano 2017.

Nestes últimos anos a estadía media hoteleira en Vigo evolucionou de forma irregular, con períodos de caídas –de 2012 a 2014, e en 2016 e 2017- e de incrementos –en 2015 e agora en 2018- mais as variacións non son moi significativas. Tal circunstancia mantén a cifra no contorno das dúas noites de media desde o 2012 con pequenas variacións de décimas pouco relevantes.

Estadía media dos principais mercados



Estadía media por temporada




Segundo a procedencia o viaxeiro residente en Galicia é o que fica de media menos tempo na cidade -en 2018 a estadía sitúase levemente por encima de 1,8 noites-. Os dous segmentos restantes rexistran valores algo máis altos, con preto de 2,1 noites o español non residente e de case dúas noites o estranxeiro. As diferenzas son en todo caso máis notables entre os dous segmentos do mercado nacional.

A estadía media dos tres grandes mercados varía de forma dispar neste 2018, con descenso da correspondente ao viaxeiro residente e mellora daquela correspondente ao turismo receptor, tanto nacional coma internacional.

En función da temporada a estadía media non presenta grandes diferenzas, situándose en 1,9 noites na temporada baixa, en 2,0 noites na temporada media e en 2,1 noites na temporada alta.

% Ocupación nos establecementos hoteleiros. Vigo, 2011-18



A dinámica dos niveis de ocupación aseméllase en parte ao observado no lado da demanda –en número de noites-. Sobe en 1,5 puntos porcentuais neste ano 2018 como consecuencia do estancamento do volume de demanda nun contexto no que descende a oferta dispoñible –o número de prazas ofertadas cae un 2,7% en relación ao 2017-.

Neste caso son seis anos consecutivos de crecemento na cidade de Vigo, pasando do 32,8% de ocupación media en 2012 ao 48,9% agora en 2018. Mellora en 16 puntos porcentuais a ocupación hoteleira neste período de seis anos, circunstancia que coloca a porcentaxe deste ano en máximo históricos.

En termos comparativos esta cifra sitúase no promedio dos destinos urbanos da comunidade.

OCUPACIÓN HOTELEIRA en GALICIA

Destinos urbanos – Ano 2018

galicia

